



O pasado mes de febreiro a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa convocou a os nenos e nenas dos colexios de A Guarda, cunhas idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos a participar nun concurso de debuxo para ilustrar un selo de A Guarda.

En total participaron mais de 200 nenos e nenas pertencentes a os centros de : Carmelitas; Somascos; A Sangriña e Solanas.

O 23 de maio no local de Sociedade Filatélica e Numismática guardesa Se reuniu o xurado composto por os señores/as. Dña Alicia Alonso, Dña Chuny Vázquez, D. Ricardo Rodríguez, D Luciano Lomba, D José A. Gándara.

Os cales deciden o orden dos ganadores do I Concurso Escolar.

1º Premio.

Miguel González (colexio Carmelitas)




2º Premio.

Antía Encisa González (colexio A Sangriña)



3º Premio.

Cesar Romero Fajar (colexio A Sangriña)



Os gañadores en compañía dos seus respectivos pais serán invitados a inauguración da Exposición EXFIMIÑO 2011 a celebrar os días 12 ata o 16 de outubro nos salóns do Recreo Artístico Guardes donde se fará entrega dos premios a os gañadores.

Este ano celebramos a XXVI edición da exposición EXFIMIÑO, e en esta ocasión o homenaxeado é D. Antolín Silva Vicente, un dos vocais da primeira xunta directiva e un dos fundadores da Sociedade Pro-Monte

En esta edición contase coa emisión dun matásellos e de dous selos personalizados




Matasellos e o selo ganador de 1º concurso de dibuxo



Sello personalizado de la Voz del Tecla

**Antolín Silva Vicente** (1872-1943) foi vogal da Sociedade Pro Monte Santa Tecla entre 1912 e 1919. Ademais do seu paso por esta asociación, a súa principal participación na vida pública guardesa produciuse durante os anos da Segunda República ao ocupar a alcaldía entre maio de 1933 e marzo de 1936, sendo xa síndico en 1931 e rexedor en 1932.



*Antolín Silva Vicente*

Ao igual que a maioría dos fundadores de Pro Monte, Antolín Silva tamén foi emigrante a Puerto Rico, sen dúbida seguindo os pasos do seu irmán maior Primitivo Silva Vicente. En Puerto Rico Antolín traballou nos negocios de tabaco do tamén guardés Luciano Lomba Vicente quen, ao retirarse en 1895 fundou a sociedade *Sucesores de Luciano Lomba (1895-1900?)*, unha empresa tabaqueira na que Antolín Silva aparecía xa como un dos seus socios xestores, con tan só 23 anos.

Non obstante ao ano seguinte enfermou e viuse na necesidade de separarse da compañía e retirarse a España. Este feito permitiu que todo o seu enorme talento empresarial se desenvolvese xa na súa vila natal onde en pouco tempo se converteu nun destacado armador de barcos e industrial da lagosta.

A vinculación de Antolín Silva Vicente co mundo das lagostas e das embarcacións débese, sen dúbida, ao seu parentesco co mariño mercante Francisco Zaragoza Segarra, natural de Villajoyosa (Alicante), o primeiro en instalar unha cetaria en A Guarda, segundo sinala o estudoso do tema José Antonio Uris Guisantes. E é que o seu fillo José Zaragoza Zaragoza casara en 1895 con Eufrosina Silva Vicente, irmá do Antolín Silva Vicente. Así é como moi pronto, en 1897, atopámonos a Antolín solicitando permiso para construír unha cetaria entre a praia da Area Grande e o porto. Pouco despois, en 1903, facíao para a construción dun depósito de salazón de peixes en Mazaracos, na entrada do porto. Probablemente xa por entón formábase a sociedade *Antolín Silva e Cía. Exportadores de Lagostas* co seu socio e cuñado José Zaragoza. E ante a necesidade de ter embarcacións «langosteiras», Antolín Silva tamén se converteu en armador de barcos. Así, sinala Uris Guisantes, no ano 1918 participou nun 75% na construción do veleiro paquebote *Río Miño* nos estaleiros Candeira. Pero como armador Antolín Silva foi máis alá chegando a dispoñer dun estaleiro propio no mesmo lugar de O Pasaxe, ao aire libre, con bancada e taller, no que se construíron buques de madeira de 200 toneladas.

Segundo parece o éxito nos negocios acompañouno o resto da súa vida. Así, no ano 1935, con 63 anos e sendo alcalde do seu pobo, Antolín Silva declaraba nun artigo de prensa que a súa cetaria *A Morea* debía ter ao redor de 4.000 lagostas, as maiorías das cales se vendían en Madrid, Barcelona e Zaragoza.

Por aquel entón a sociedade chamábase *Serafín Flores e Cía., S. L.*, na que Antolín era socio maioritario, en unión do tamén guardés retornado de Puerto Rico Serafín Flores Sobrino, casado coa súa sobriña Sara Zaragoza Silva. Pouco despois a empresa pasou a chamarse *Antolín Silva, Flores e Cía.*, e tras o falecemento de Antolín no ano 1943, denominouse *Antonia Giestal Vda. De Silva*.

Antolín Silva Vicente casara en 1898 con Antonia Raimunda Giestal González, de cuxa unión naceron: Antonio, Antolín, Tulio, Amparo, Teresa, Leonor, Maruja, Ceo, José, Oscar, Guillermo, Jaime e Germán Silva Giestal. Ao principio o matrimonio fixou o seu domicilio na rúa Joaquín Alonso, ata que anos máis tarde a

matrimonio fixou o seu domicilio na rúa Joaquín Alonso, ata que anos máis tarde a xa avultada familia pasou a residir a unha preciosa e enorme casa indiana –hoxe xa inexistente– que Antolín Silva edificou ao inicio da rúa Pacífico Rodríguez.



Texto de D. Joaquín Miguel Villa Álvarez

### **EXPOSITORES EXFIMIÑO XXVI 2011 A GUARDA**

Adelino Melo Carabela.....*Correspondencia con vinhetas, além de imposto do selo*

José A. Boullosa.....*Alemania*

Andrés García Pascual.....*Galicia s. XIX, s.XX Marcas de Cartería*

Paulo de Oliveira Sa Machado.....*8º Centenario da Fundación e 3º Centenario da Restauración de Portugal*

Marcelino Portela Lorenzo.....*España 1º Centenario*

Luciano Lomba Vicente.....*Del Monasterio Rural a la Catedral Urbana*

Jorge Martínez Baz.....*Ese desconocido principio*

Alfonso Dorado Senra.....*La Música*

José A. Gándara Rodríguez.....*Colón, Rumbo a las Yndias*

Marta Rodríguez Verde.....*Belleza y Cosmética Natural*

Almudena Taboada Lago.....*El perro siempre útil*

Cristina Domínguez Rotea.....*La vela a través de la historia*

Manuel Martínez Martínez.....*Loterofilia Navidad – Castillos de España – Matasellos de ajedrez*

Joaquín Vicente Vicente.....*Maquetas de Barcos*

Infomaxe.....*Portadas de “La Voz del Tecla”*

## **La voz del Tecla**

Semanario guardés que aparece o domingo día 30 de abril de 1.911, e que unha vez estabilizado na súa organización, editábase os sábados o prezo de 10 céntimos, e cuio derradeiro número, o 485, sae a rúa o 04 de setembro do 1.920

Tiña a súa sede na Praza da Constitución (Praza do Relo) nº 2 e se imprimía na Tipografía “La Concepción” na Praza de Ignacio Sobrino, ámbalas dúas propiedades de

Vicente de Vicente Táboas.


A súa posta en marcha foi por iniciativa maioritariamente dun grupo de cregos, entre os que destacan, D. Cándido Rodríguez Vicente en A Guarda, D. José Pedreira Sobrino en San Miguel de Tabagón e D. Juan Rey Iglesias en Oia e D. Martín Alvarez Alvarez en Salcidos.

O longo dos case dez anos de existencia, mantén unha liña de contraposición co Heraldo Guardés, sendo fiel o seu Programa publicado no primeiro número, **“...católico é independente, LA VOZ DEL TECLA viene en son de paz, y su programa fundamentado en el Evangelio de Cristo, que encierra en sí el espíritu de todo orden y de todo progreso, será de justicia, de concordia, de amor para todos. LA VOZ DEL TECLA, amigo de todos, no sabrá distinguir nunca entre negros y blancos. Eso sí respetuosos y deferentes con las personas constituidas en autoridad, sean quienes fueren, tendremos para ellos un aplauso rotundo y sincero siempre que lo merezcan, o una censura imparcial y serena cuando a ella se hagan acreedores...”**

A través das súas páxinas podemos coñecer o acontecer na vida das parroquias de Tomiño, Oia, O Rosal e A Guarda, (nacementos, vodas, defuncións, chegadas e saídas a emigración, deportes, festas e desgracias) xa que tiña correspondentes en todas elas.

Así mesmo, por **LA VOZ DEL TECLA**, sabemos os avatares dos nosos paisanos na emigración, fundamentalmente en Puerto Rico, República Dominicana, Cuba, Arxentina e Brasil.

“Nuestra guerra con Portugal en el siglo XVII” e “Ante la invasión francesa” dentro apartado de **“Páginas de la Historia de La Guardia”** fálanos do pasado do noso pobo, unha das persoas que máis pescudou nel como é Domínguez Fontela, as escavacións e os achádegos iniciais nas notas (El monte de Santa Tecla) de López García, ou a “Historia de Oya” na pluma de Juan Rey Iglesias, fannos presente unhas realidades descoñecidas por moitos dos baixomiñotos.



Portada do libro *La Voz del Tecla*

Pero ademais, a través de **“LA VOZ DEL TECLA”** chegamos a constitución da Sociedade Pro-Monte, a celebración da primeira Romaría do Monte Santa Tecla, a posta en marcha do Hospital Casa-Asilo, a catástrofe do aserradeiro do Pasaxe ou a gripe de 1918, ou os actos especiais nos colexios do Xesuítas e das Carmelitas.

Remata a presentación do seu programa: **“...Y conste también –si es que no queda ya indicado-que LA VOZ DEL TECLA, enemigo de toda intriga, de toda insana concupiscencia, de toda albórbola, negará de continuo sus columnas a los rencorosos, a los jaraneros, a los descontentos, que pretendan, por banales fruslerías y bajo la máscara del seudónimo,**

**zaherir o mortificar, con dichos insidiosos cuando no de burdesca desvergüenza, a personas dignas o a respetables entidades.**

**Por nuestra parte, cuando acuciados por la provocación, o por el deber de nuestra conciencia, entablemos polémica, sabremos distinguir la personalidad periodística de nuestro adversario, de su personalidad individual, la que siempre pondremos a resguardo de todo ataque...”**

Celso R. Fariñas

InfMAXE

## FILATÉN 2010

O ano pasado celebrouse en Avilés, Asturias, o campionato de España de filatelia temática, do 19 ao 26 do mes de xuño. Participaron un total de 86, das mellores coleccións de España, ademais, nesta ocasión estaban convidados a participar os expositores de Francia, Brasil e Cuba.

De Galicia participaron 10 coleccións 4 delas de membros da Sociedade Filatélica da Guarda, que ademais conseguiron estar entre as 5 con maior puntuación. bódese considerar un gran éxito.

As coleccións de “Estilos arquitectónicos relixiosos de Europa” de Luciano Lomba e “Ese descoñecido principio” de Jorge Martínez Baz, consolidándose nun nivel medio das coleccións españolas.

A colección de “Beleza natural” de Marta Verde Rodríguez, recibiu as felicitacións do xurado e público.

Entre as tres mellores coleccións participantes con medallas de ouro e empatadas a 88 puntos estaban as coleccións de “Petróleo” de Carlos Suárez de Brasil, “A cada un os seus calzados” de Marie Ghisela Porte de Francia e a guardesa “Colón, rumbo ás Indias” de José A. Gándara, resultou a gañadora e despois da última deliberación do Xurado levarse o Gran Premio da exposición, o maior éxito obtido, entre os moitos recibidos, por esta colección.

Nunha cea celebrada no Palacio de Ferrara de Aviles, o día de clausura, entre outras autoridades, o Excmo. Sr. Delegado do Goberno en Asturias, D. Antonio Trevín Lombán, entrega a José A. Gándara o máximo galardón da exposición doado polo Presidente do Goberno do Principado de Asturias. Esta colección o día 20 de maio con motivo dos actos do “Día marítimo europeo” foi convidada a participar nunha mostra filatélica en Xixón, onde estiveron presentes entre outras autoridades, os Príncipes de Asturias.

***Empresas e persoas que doaron os agasallos para o concurso  
I CONCURSO ESCOLAR DE DIBUXO 2011  
UN SELLO PARA A GUARDA***

MASTER F. VICENTE.....986 611 052

*Visítenos y compare*

Concepción Arenal, 53 Bajo-36780 A Guarda

[masterfvicente@gmail.com](mailto:masterfvicente@gmail.com)

GÁNDARA foto Estudio.....986 613 678

Praza da Igrexa, 1 A Guarda

[fotogandara@telefonica.net](mailto:fotogandara@telefonica.net)

***Empresas e asociacións que colaboran coa S F e N G***

4MIÑO Asesoría, Gestión, Seguros.....986 609 459

*Rúa Xulio Sesto nº 64 bajo- O Rosal*

MOREIRA & CIA.....986 611 343

San Roque nº 18 - 36789 A Guarda

RECREO ARTÍSTICO GUARDES

C/ Puerto Rico nº 12 36780 A Guarda

NOVACAIXAGALICIA

**A SOCIEDADE FILATÉLICA E NUMISMÁTICA GUARDESA**

*Agradece a colaboración de cantas persoas, entidades e establecementos que nos  
axudaron para que fora posible esta  
XXVI exposición, EXFIMIÑO 2011*

Publicado por Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa en 17:29 [Comentarios](#)  
 Etiquetas: [Boletín Exfimiño](#)

MIÉRCOLES 14 DE SEPTIEMBRE DE 2011

## Boletín Exfimiño nº 32

### Boletín informativo da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa

Número32

agosto-

decembro de 2010

Boletín Informativo da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa

Con motivo de inauguración da Exposición Exfimiño 2010, a Federación Galega de Sociedades Filatélicas (FEGASOFI), fixo entrega a D. Juan Álvarez Sobrino do Diploma, Medalla e Insignia de Ouro ao Mérito Filatélico. Acto no cal estivo acompañado de toda a súa familia.



Momento en que o presidente de FEGASOFI Don Valentin Suárez Alonso lle impón a medalla baixo a atenta mirada da súa dona e dos seus netos

### Boletín Informativo da Socie

O día 9 de outubro, inaugúrase, nos salóns do Recreo Artístico Guardés unha nova edición da Exposición Exfimiño. Estiveron presentes o Alcalde da Guarda, Concelleiro de Cultura, Presidente de Fegasofi e o Presidente da Sociedade Filatélica Guardesa, entre outros presidentes doutras sociedades culturais.

No acto inaugural, o historiador guardés D. Joaquín M. Vila, nunha conferencia, deu a coñecer a todos os presentes a vida do homenaxeado D. José María González Cividanes, membro fundador da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla, que en 2012 cumpre o seu centenario.

Na mostra, ademais das coleccións filatélicas, houbo exposición de pinturas, maquetas de barcos e esculturas.

A mostra contou cun cuño especial, concedido por correos, un selo personalizado e un sobre e cartón conmemorativo.

dade Filatélica e Numismática Guardesa



Sobre franqueado co selo personalizado e matasellado co matásellos da Mostra

Expositores filatélicos:

Jorge Martínez Baz (A Guarda)	Europa, sobres primer día
José Luis Rey Barreiro (A Coruña)	Casa Ral Británica
Paulo Sa Machado (Porto)	Camoos, emisión de 1924
Jesús Hernández (Madina del Campo)	Juan Carlos I, Rey de España
Almudena Taboada Lago (A Guarda)	El Perro, siempre útil
Cristina Domínguez Rotea (A Guarda)	La Vela
Manuel Martínez Martínez (O Rosal)	Bitofilia
Manuel Martínez Martínez (O Rosal)	Camino de Santiago
Juan Álvarez Sobrino (A Guarda)	Mi manantial, Correos
Luciano Lomba Vicente (A Guarda)	Matasellos de Salvatierra
Alfonso Dorado Senra (O Rosal)	Arte y comunicación de la música
Javier Egea (Madrid)	Sobres máximos
Marcelino Portela Lorenzo (A Guarda)	España 1º y 2º Centenario
Marta Verde Rodríguez (A Guarda)	Belleza Natural
José A. Gándara Rodríguez (A Guarda)	Colón, Rumbo a las Indias

Otros Expositores:

Genaro Alonso	Esculturas
Enrique Vicente	Maquetas
Rafael Verde	Maquetas barcos
Pintura	María Sobrino Coello

**IVERX-VIGO 2010**

O sábado 6 de novembro, día de clausura da exposición Iberex-Vigo 2010, celebrouse a entrega de trofeos e o palmarés, onde participaron un total de 48 coleccións de Galicia e Portugal.

A participación dos nosos socios correspondeu a Marta Verde Rodríguez con "Belleza Natural" e Jorge Martínez Baz con "Ese descoñecido principio" conseguindo medallas de Vermeil con 79 puntos e Prata Grande con 73 puntos, respectivamente, ámbalas coleccións cunha lixeira mellora de puntuación respecto das últimas participacións. Nosos máis sinceros parabéns.

**ROMAFIL 2010**

Exposición Internacional, **ROMAFIL 2010**, a celebrar en Roma do 29 ao 31 de outubro, ademais da participación da Federación Italiana estaban convidadas as federacións de Portugal, Grecia e España. Por parte española participaron un total de 12 coleccións, 3 delas na clase temática, entre elas "Colón Rumbo a las Indias" de José A. Gándara Rodríguez, obtendo 87 puntos, medalla de Ouro e premio especial.

**PARTICIPACIÓN E PALMARES DAS COLECCIÓNS DE MEMBROS DA S.F.N.G. NO ANO 2010**

**Exposición filatélica Nacional Sul das Guerais (Brasil)**

**Ese desconocido Principio** de Jorge Martines Baz; 71 puntos Medalla de Plata Grande

**Colón, Rumbo a las Indias** de José A. Gándara; 83 puntos Medalla de Vermeil Grande

**Exposición Filatem (Aviles)**

**Belleza Natural** de Marta Verde Rodríguez; 77 puntos Medalla de Vermeil.

**Ese desconocido Principio** de Jorge Martines Baz; 70 puntos Medalla de Plata Grande

**Estilos arquitectónicos religiosos en Europa y Áreas de su Influencia** de Luciano Lomba Vicente, 73 puntos Medalla de Plata Grande.

**Colón, Rumbo a las Indias** de José A. Gándara; 88 puntos Medalla de Oro y GP



**Exposición Filatélica Interclubes Internacional EXPOFIL MINAS-2010 de Belo Horizonte (Brasil)**

***Ese desconocido Principio*** de Jorge Martines Baz; 81 puntos Medalla de Vermeil  
***Estilos Arquitectónicos religiosos en Europa y Áreas de su Influencia*** de Luciano Lomba Vicente, 85 puntos Medalla de Vermeil Grande.

**Iberex-Vigo**

***Ese desconocido Principio*** de Jorge Martines Baz; 73 puntos Medalla de Plata Grande

***Belleza Natural*** de Marta Verde Rodríguez; 79 puntos Medalla de Vermeil.

**Romafil (Italia)**

***Colón, Rumbo a las Indias*** de José A. Gándara; 87 puntos Medalla de Oro y PE.

**BOCETOS, PRUEBAS Y ENSAYOS**

Se trata de las pruebas realizadas por los diseñadores con el propósito de preparar una emisión filatélica. Para ello conviene saber cuál es el proceso de impresión de un sello de correos.

El empleo de este material nos va a elevar el nivel filatélico de la colección. De nada valen las pruebas corrientes, realizadas con posterioridad al sello, con tirada reducida pero de fácil acceso.

Hay que tener en cuenta que el proceso de realización de una imagen que se piensa filatelizear y después el sello no sale adelante, la prueba, diseño, o maqueta podrá ser utilizada como elemento filatélico que es, como son los sellos no emitidos. Por tanto hay que considerar que la primera fase de ejecución es la maqueta.

LA MAQUETA (*Artwork*): Puede estar realizada por un artista o simples aficionados, al que se le encarga la elaboración del sello. El artista puede escoger el sistema de composición que quiera, dibujo a lápiz, acuarela, fotografía etc.

El siguiente paso es la reducción fotográfica y de ahí al bloque de acero dulce preparado con una capa de producto reactivo. El grabador lleva acabo entonces el verdadero trabajo de buril. A partir de estos momentos se acaba el proceso de maqueta para entrar de lleno en las diversas pruebas para verificar el trabajo hecho o para presentar y conseguir el visto bueno de su aprobación.

Por orden cronológico en que éstas son hechas, existen diferentes clases de pruebas su impresión puede llevarse acabo sobre cartulina, papel, cartón, etc.

PRUEBA DE PUNZON (*Die proof*): Esta impresa con el punzón o cuño original. Estas pruebas se hacen para presentar el sello terminado y para su aprobación final antes de grabar la plancha. Además durante el proceso de grabado del punzón, el grabador suele hacer una serie de pruebas de avance, para verificar la calidad del trabajo hecho hasta ese momento y corregir deficiencias. Además, en algunas ocasiones se realizan las pruebas por separado del marco y de la viñeta central, esto ocasiona los errores con el centro invertido.

PRUEBAS DE ESTADO. Estas pruebas se llevan a cabo sobre proyectos que han sido aceptados en la primera fase de selección. Esto no quita que existan pruebas de estado de sellos que al final no llegan a salir.

Estas pruebas de estado se llevan a cabo con el cuño original y son definitivas con valor impreso, o intermedias. Estas no siempre se realizan.

PRUEBA DE ARTISTA: se realizan en papel de gran calidad a partir del cuño original. Estas pruebas son emitidas por la administración, llevan la estampación en seco del control de la imprenta, por lo general la firma del artista y el color de la prueba puede coincidir o no con el final de la emisión. Las pruebas de artista de la época anterior a 1964 eran de carácter más reducido, no solían superar los 15 ejemplares, sin embargo a partir de esta fecha el número es mayor por lo que son menos valiosas.

**PRUEBA DE PLANCHA (Plate proof):** Es una prueba impresa con la plancha entera, por lo tanto la prueba tiene forma de pliego. Esta permite comprobar que los traspasos hayan sido hechos correctamente, que las columnas de sellos se encuentren alineadas y que la separación entre sellos sea regular y la adecuada para el proceso de perforación (dentado).

**ENSAYOS (Essay) -PRUEBAS DE COLOR (Color proof):** Una vez la plancha definitiva se realizan los ensayos (pruebas) con diversos colores para determinar y dejar establecido el color y tono preciso del sello. Sirven para probar la calidad y comportamiento de diferentes procedencias de tintas a fin de elegir la más adecuada.

José A. Gándara Rodríguez

Vocal Temático de Fegasofi y

Miembro de la Comisión Temática de Fesofi



Sr. D. Luciano Lomba Vicente  
Silveira 12 (Ocastro)  
36789 A Guarda  
Pontevedra

Matasellos especial do Bicentenario de Vigo

Por lo que sabemos, ninguén o confirmou, este matásellos que debera haber sido utilizado no seu día en Vigo non foi así. Despois de un, largo tempo, recibimolo do Servicio Filatélico de Madrid.

Por Juan Álvarez Sobrino

### **MI JUEGO FAVORITO**

Apenas tenía 6 años, mi hermano Serafín me dio sus sellos repetidos, yo los guardaba en una cajita de cartón y jugaba con ellos todos los días haciendo figuritas sobre la mesa del comedor de mi casa. Cuando alguien preguntaba por mí, mi madre le decía: DONDE VAI ESTAR, FOLJANDO COS SELLOS.

°Cumplía 11 años en el sanatorio Marescot de Pontevedra, operado en las dos piernas de una infección en la sangre, enfermedad que me tuvo varios años en cama. Se me daba bien el dibujo y continué JUGANDO con los sellos adornando las hojas del album con dibujos realizados en tinta china.

Me especialice en el tema de pintura, empecé recortando la silueta de la paleta del pintor en cartulina negra rotulando con tinta blanca, el JUEGO CONTINUABA. Miles de sellos pasaron por mis manos. ¡¡¡ Cuantas horas dedicadas al mundo filatélico .

Estando un día con mi madre ( ya muy anciana, falleció a los 94 años) me dice Nito: Téñote ahí un sobre metido nun queixón, que veo da Coruña, do teu irmán, me parece que é dos que te gustan porque e mui bonito. Voy al cajón y efectivamente era un sobre con MATASELLOS ESPECIAL, y le digo MAMA este e dos bós..... Xa me parecía a min.... Y gozaba.....luego me dice: Filiño ¿ que vas faer cun tanto sello?.....

FOLJAR, MAMA FOLJAR





O pasado día 9 de setembro inauguramos o blog da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa

<http://filatelicaguardesa.blogspot.com/>

Co obxectivo de ter máis informados a tódolos socios (artigos, noticias, matasellos de Galicia) e sobre todo de apoio a tódolos coleccionistas de filatelia e numismática da nosa sociedade.

Se queres que se publique algún artigo, fotos ou calquera noticia relacionada coa filatelia ou a numismática, podes envialas a dirección de correo electrónico da nosa sociedade.

[sfilatelicaguardesa@gmail.com](mailto:sfilatelicaguardesa@gmail.com)

Non deixedes de entrar no blog porque merece a pena.

Como tódolos anos os sellos de abono do ano 2010 están a vosa disposición

Un saúdo a todos que pasedes,

*FELICES FESTAS*